

EXERCICIOS

1- No seguinte texto diferenza: pronomes tónicos, átonos, reflexivos e cortesía

"Un día fun e díxenlle a Pepe o Roxo (que era fillo do señor Pepe o Roxo, que tiña banquilla de zapateiro na Fonte Nova) que por que non me levaba a unha arrasadeira. No xeito con que me considerou, fitándome de enriba a baixo, decateime que, aínda que me quería ben, non me vía moi cabal para o asunto.

- Non che convén. Vanche rifar na casa. Moitas veces esgázase o pantalón e esfólanse os zapatos ou pérdense as zapatillas.
- Boeno, aínda que me rifen; total, rífanme por todo.
- A máis diso, ten que ser de noite e ti non podes.
- Por iso cho digo; mañá van a un casamento e pódome escapar.
- Mellor é que nos agardes e dámosche de todo; eu, pola miña parte, xa sabes...
- Xa sei que me tedes de menos.
- Non home, non. Hai que estar afeito... A onde imos mañá, hai que avanzar dous muros, que ímoslle aos figos ao Abade das Vellas.
- E... avantaránse.
- Corres ben, sen que che dea o punto?
- Coido que si.

Quedou calado un anaco fitándome seguido.

-Ademais, non é dos que se andan con chiquitas... O abade férrache cada perdigonada de sal que se che colle o cu non te podes sentar en oito días, aparte as quenturas que veñen. E si che dá nos ollos, cégate.

- Boeno, entón non irei.

Voltoume a considerar outro pouco e véndome tan triste púxose a rir, logo botoume a mau polo ombreiro e díxome:

- Está ben Tono, ti erás.
- Logo léuasme?
- Eu non te levo, uas ti. (Isto gustoume moito).

Eduardo Blanco Amor: *Os biosbardos* Ed. Galaxia (Adaptación)

2- Substitúe o subliñado por pronomes persoais tónicos, facendo as contraccións que cumbran.

- a) O coche é de Guillerme e a bicicleta de Ana
- b) Cando Xosé falaba, todos os que escoitabamos quedabamos abraizados polo ben que se expresaba, aínda que aos que estabades nas últimas filas da sala non vos facía moita gracia o seu discurso. Antonio quere bailar con Asunción.
- c) Non sei por que, pero todos os meus compañeiros se queren sentar á miña beira.
- d) Esperareite no peirao e contemplaremos os dous a marabillosa posta de sol.
- e) Para Rodrigo o máis importante nesta vida é estudar; para Milagres. Cecilia e Roxelio
- f) (compañeiros aos que me estou a dirixir) , o máis importante é a diversión.
- g) Foi pena da galiña. porque a podíamos comer guisada con patacas.

3- Substitúe a parte en cursiva por unha forma tónica do pronome persoal.

- a) Cando eu estiven *na vosa compañía* non me dixestes o que había que facer.
- b) Helena atopábase ben *á beira miña e*, de súpeto, bicámonos.
- c) Atópome moi ben *ao teu lado*, pero teño que marchar que xa son as dez da noite, dixo Alberte.
- e) Xa me decatei de que *ao teu lado* levabas algúns gardacostas.
- f) Queres ir *na miña compañía* deica Monforte?
- g) Non teñas medo, que eu sempre levo no *peto* algo de diñeiro.

- h) Xa me decatei de que *ao teu lado* levabas algúns gardacostas.
- i) Queres ir *na miña compañía* deica Monforte?
- l) Non teñas medo, que eu sempre levo no *peto* algo de diñeiro.

4- Completa os enunciados introducindo os pronomes nós, vós e nosoutros, vosoutros onde sexa posible.

- a) Cando..... teñades a experiencia que temos....., entón seredes sabios.
- b) , os da casa de Quintela, temos máis historia ca
- c) Nesta clase.....levámonos todos moi ben.
- d) pertencemos á seita dos Cacifos e....., a cal pertencedes?
- e) Tende coidado porque axa vos teño de ollo.
- f) Nin..... nin..... demos arranxado a desfeita que se produciu despois do mitin.
- g) somos o mellor equipo de voleibol do mundo.

5- Transforma os enunciados utilizando as formas de tratamento de cortesía.

- a) Vós sodes ben parvas se non aproveitades a ocasión.
- b) Diríxome a ti para que me axudes a superar este problema.
- c) Se vos dixeran o que tiñades que facer, agora o autobús xa estaría en marcha.
- d) Xa che contei todo o que sabía, así que agora ponte a traballar no caso.
- e) Os que che queren ben, Manolo, son os que nunca te enganarán.
- f) Díxenvos o que pensaba e non me arrepinto.
- g) Eras ti o que viñas roubar ás uvas de noite?
- h) Paréceme que vos sobran algunhas copas hoxe.
- i) Queríame cobrar de máis; pois agora xa non cho quero.
- l) Dígovolo por última vez: se seguides facendo barullo, bótovos fóra.

6. Coloca *che* ou *te* de tódalas formas correctas posibles:

1. Non fixoas cousas como conviñan.....
2. Non hai quenentenda como sigas sen..... aclarar.....
3. Porfacer unha broma mira ti como pos
4.contaron un conto e ti vas tan contento.
5.merece a pena..... arranxar un pouco.
6.vai chamar para que prepares
7. Semprepos da súa parte, a ver cando..... sae da cabeza.
8. Aquí haimoi boas oportunidades para sentires a gusto.
9. Hoxe sonmáis escéptico. imosbos!
10. Se .. fan.....ese favor.....aseguroque vai ...sobrar tempo.
11. Hoxe ... foi buscarel o xornal. parece bonito?
12. Canto ... gustan esas parvadas! Mal demo leve!
13. Que pasou na man? mancaches..... de novo?
14. Quero que...sente.....ben e que nin de broma poñas triste.
15. Onde ... caiba méteo, se nonvas ter que preocupar
16.fixo.....unha foto moi escura porque estabas á sombra. Agora..... vai..... fotografar..... con máis luz, e mañá..... vaifotografaros fillos para que..... lembres deles cando..... vaías.....
17. Poucas horas..... quedan..... para saír. Queres que achegue.... ao aeroporto?
18. Se hoxe chaman nunca..... sintas..... en débeda con nós; nin se ocorra.....
19. Sen..... lembrar..... non podes chegar. Queres que axuden.....? Acepta que axuden..... e deixas..... de lerias, do contrario o esforzo que fas é inútil.
20. van..... coller o sitio como non sentes dunha vez. Despois has..... queixar

7. Substitúe nas frases seguintes os obxectos directos e/ou indirectos polos seus pronomes persoais correspondentes:

1. Sinalou o camiño ós amigos.
2. Sequera colleu dez ou doce para ti.
3. Berrei cando me deron a noticia.
4. Por pouco sáelle mal a conta ó tendeiro.
5. Algúns quixeron pagar o polbo ós feirantes.
6. Se gardas (a min) o sitio, terei (a ti) en conta ese favor.
7. Buscáronlles aloxamento ós médicos.
8. O rapaz puxo os parafusos á mesa.
9. Mercou ó irmán un libro.
10. Leu ós cativos un conto.
11. Pregunta a hora ó señor que tes ó lado.
12. Eu prefiro facer outras cousas para el.
13. Mostrou (a min) os cadros do fillo.
14. Compraron os cadros que gustaban (a ti).
15. Compraron (a nós) os cadros que gustaban (a ti).
16. Non sei onde metín o moedeiro. Teño que buscar ese regalo para ti.
17. Pillaron os culpables; así que esquece os problemas.
18. Describe para nós as calidades do coche que compraches (a ela).
19. Sube o ton. Para vós é imperceptible nesas condicións.
20. Os enfermos reclamaron (a vós) máis atencións.
21. Quere comer a parte da irmá pola tarde.
22. Certo raposo pillou a galiña.
23. Ós veciños pediulles máis apoio.
24. Colleu a súa parte e regalouna ós necesitados.

8. Como serían estes diálogos entre rapaces ou entre amigos?

a)

- ¿Estudia vostede con el?
- Baixo a súa dirección, para sermos máis exactos.
- Ten vostede sorte, non sempre se poden atopar mestres desa categoría. E ese señor que vai sempre con vostede ao club de golf, quen é?
- Chámase Alberte e élle un home de negocios.

b)

- Mire, non lle queremos facer dano pero será mellor que nos dea todo o diñeiro que leva nos petos.
- Como vostedes manden.
- Nós sómoslle atracadores profesionais pero non somos malas persoas.
- Créollelo ben.
- Moitas gracias e perdoe a molestia.

c)

- Coido que lle sería mellor ter o próximo día todos os informes preparados. Lembre que se xoga vostede o seu posto de traballo.
- Tereillos preparados, señora directora.
- Tráíame tamén as contas da auga e da luz do mes pasado.
- A primeira hora as terá aquí.
- E nada máis por hoxe, pódese retirar.

9. Completa os enunciados introducindo os pronomes nós, vós e nosoutros, vosoutros onde sexa posible.

- a) Cando teñades a experiencia que temos....., entón seredes sabios.
- b)....., os da casa de Quintela, temos máis historia ca.....
- c) Nesta clase levámonos todos moi ben.
- d)..... pertencemos á seita dos Cacifos e, a cal pertencedes?
- e) Tende coidado porque a.....xa vos teño de ollo.
- f) Nin nin..... demos arranxado a desfeita que se produciu despois do mitin.
- g)..... somos o mellor equipo de voleibol do mundo.

10. Transforma os enunciados utilizando as formas de tratamento de cortesía.

- a) Vós sodes ben parvas se non aproveitades a ocasión.
- b) Diríxome a ti para que me axudes a superar este problema.
- c) Se vos dixeran o que tiñades que facer, agora o autobús xa estaría en marcha.
- d) Xa che contei todo o que sabía, así que agora ponte a traballar no caso.
- e) Os que che queren ben, Manolo, son os que nunca te enganarán.
- f) Díxenvos o que pensaba e non me arrepinto.
- g) Eras ti o que viñas roubar ás uvas de noite?
- h) Paréceme que vos sobran algunhas copas hoxe.
- i) Queríame cobrar de máis; pois agora xa non cho quero.
- l) Dígovolo por última vez: se seguides facendo barullo, bótovos fóra.

11. Como serían estes diálogos entre rapaces ou entre amigos?

- a)
 - ¿Estudia vostede con el?
 - Baixo a súa dirección, para sermos máis exactos.
 - Ten vostede sorte, non sempre se poden atopar mestres desa categoría. E ese señor que vai sempre con vostede ao club de golf, quen é?
 - Chámase Alberte e élle un home de negocios.
- b)
 - Mire, non lle queremos facer dano pero será mellor que nos dea todo o diñeiro que leva nos petos.
 - Como vostedes manden.
 - Nós sómoslle atracadores profesionais pero non somos malas persoas.
 - Créollelo ben.
 - Moitas grazas e perdoe a molestia.
- c)
 - Coido que lle sería mellor ter o próximo día todos os informes preparados. Lembre que se xoga vostede o seu posto de traballo.
 - Tereillos preparados, señora directora.
 - Tráíame tamén as contas da auga e da luz do mes pasado.
 - A primeira hora as terá aquí.
 - E nada máis por hoxe, pódese retirar.
- d) Se queres vir acompañándonos non tes máis ca dicilo.

12- Expresa o que se ve nos debuxos seguindo o exemplo: O axente secreto "Roi Calado" contra "el"



13- Contesta ás preguntas substituíndo os CD e CI por pronomes.

- Atoparás mañá os pendentes de María?
- Desexan vostedes alugar o seu chalé aos alemáns?
- Agachaches os xices ao mestre?
- Mercarás o libro de Cunqueiro para min?
- Lembras aquela excursión na que fomos a Manzaneda?
- Viches o novo disco de Milladoiro na tenda?
- Queres este frasco de colonia?
- Se che declaro o meu amor, ¿estarías contento?
- Pasará o espía os documentos aos axentes secretos?
- Vas mandar postais aos teus amigos nas vacacións de Semana Santa?

14- Fai as transformacións seguindo o modelo que che proporcionamos.

a)
A mestra preguntou a lección ao alumno.
A mestra preguntoulle a lección.
A mestra preguntoulla.
Preguntoulla ou non lla preguntou?

A mestra preguntou a lección aos alumnos.
A mestra preguntoulles a lección.
A mestra preguntóullela.
¿Preguntóullela ou non llela preguntou?

A mestra preguntou as leccións ao alumno.
A mestra preguntoulle as leccións.

A mestra preguntoullas.
Preguntoullas ou non llas preguntou?

A mestra preguntou as leccións aos alumnos.
A mestras preguntoulles as leccións.
A mestra preguntóullelas.
Preguntóullelas ou non llelas preguntou?

- Tiramos un cantazo ao esmorgante.
- Merquei unha pulseira á miña noiva.
- Levaches o coche ao mecánico.

15. Contesta afirmativa e negativamente ás seguintes preguntas:

- a) Lembras o que che ocorreu na clase de ximnasia?
- b) Levamos o can ao monte?
- c) Deuvos o novo programa de ordenador?
- d) Escribímoslles a carta?
- e) Trouxécheslle a bicicleta?
- f) Comiches as filloas que che deixei na mesa?
- g) Farás os deberes que che mandou o profesor?
- h) Solucionarán o problema?
- i) Escribes historias de ciencia-ficción?
- l) Terannos aquí todo o día esperando?

16. Redacta os seguintes enunciados iniciándoos polas expresións que se indican despois.

- a) Fixéchesme unha xogada moi fea.
- b) Déronselles mal as cartas e perdeu a partida.
- c) Miña nai tróuxome unha esmeralda cando foi ás illas Canarias
- d) Fíxoo moi ben.
- e) Démoslles unhas labazadas.

Nin sequera...

Ademais .

Onte ...

Xamais...

Entón ...

Sempre ...

Soamente ...

Aquí ...

Raramente ...

Seguramente ...

17. Coloca o pronome átono noutras posicións posibles.

- a) Imos buscárllelo.
- b) Quero regalarlle ese chisqueiro do que tanto falaba.
- c) Non hai que lle facer; a pesar das ocasións que tivemos non puidemos gañar o partido.
- d) Venme coller estas caixas que xa non podo con elas.
- e) Non me gustaría asustarte, pero se non hai máis remedio terei que facelo.
- f) Se se dese a mesma situación outra vez, volvería intentalo.
- g) Sempre teño que che berrar polo mesmo, así que non volvas tirar os papeis ao chan.
- h) D. Xesús, teño que preguntarlle unha cousa: poderíame dicir de que cor son as ás das pegas rabilongas?
- i) Se vas a Ferrol, venme avisar e irei contigo.
- l) O coche do Federico?; aínda non acabei de arranxalo.

18. Corrixe e comenta os erros de colocación dos pronomes átonos que atopas no seguinte texto.

Como é o mar?

"Nacera na beira mar. Tal vez por iso puxéranlle Mariña... Mariña se foi criando sen agarimo. Non a trataban mal nin ben. Lle daban traballo e mantenza. E nada máis. Non soubo o que era un bico, nin a escola, nin un vestido novo. Non tivo nenez nin mocidade. Viu dende lonxe algunhas foliadas, mentres andaba co gando a pacer. E unha vez, nada máis que unha vez escoitou o parrafeo querendoso dun rapaz que atopouna na fonte. Aínda de vella lémbrese de aquel anoitecer.

A existencia baldeira de Mariña daba que pensar a algunha xente. Igual que eses animais de lugares fríos, que van criando un coiro máis duro para aturar o ambiente, nacera nela un sámago de insensibilidade. Non ría nin choraba. Era como de pedra. Unha mestura estraña de carraxe e humildade.

Só a idea do mar espertaba nela ansiedade. Un xeito de angustia, dolorosa e leda ao mesmo tempo.

-Como é o mar? -preguntaba.

Pero na aldea poucos podían lle falar del. A maioría dos veciños non o viran. Algúns o ollaran dende lonxe. Dous que voltaran da América, había moitos anos, procuraban llo describir.

-E o mar é moi fondo? -teimaba.

-Moi fondo, Mariña.

-É coma vinte ríos?

-Máis grande, Mariña. Moito máis...

-Logo coma cen ríos?

-Máis que cen ríos. Moito máis.

A Mariña lle custaba crer aquilo. Non podía imaxinar tanta auga xunta... Facía a comparanza co río grande que pasa bebendo regueiros polo fondo da aldea..."

Xosé Neira Vilas. Xente no rodicio. Ed. Galaxia (Adaptación)

19.Coloca, sempre que sexa posible, o pronome reflexivo nos enunciados seguintes.

- a) O asasino arrepenhiu do que fixera.
- b) Viste axiña que temos que ir a unha conferencia ás nove. O can afogou no río.
- c) Lavei os pés e despois metín na cama.
- d) O capitán da terceira compañía morreu coma un heroe.
- e) O mes pasado bebeu el só dúas caixas de cervexas.
- f) Fíxome a cambadela e caín coma un sapo no campo de fútbol.
- g) Eu nunca casarei porque son unha muller solitaria e individualista.
- h) Xerardo, o da Fontaiña, afogou hoxe pola mañá. Foi un suicidio que causou moita tristura na parroquia.
- i) Vou para a casa que teño que secar ben, xa que coa chuva puxen coma un pito.

20.Introduce o pronome de solidariedade no seguinte diálogo.

Cibrán "O Pinga" — Pois eu son o líder do grupo, o que manda. De onde es ti?

Iria do Capón — Eu nacín no Carballiño, aínda que vivo en Redondela e traballo en Vigo.

Cibrán "O Pinga" — Fumas?

Iria do Capón — Non, non fumo.

Chega Don Requito, un home de oitenta anos, aínda que aparenta menos.

D. Requito — Que hai rapaces?

Cibrán "O Pinga" — Que tal.

Iria do Capón — Bos días.

D. Requito — Que opinades do concerto que deu a banda de música o outro día?

Cibrán "O Pinga" — Non sei que pensar.

Iria do Capón — Gustoume moito.

Chegan Domingos, Bieito e "O Cagarallé".

Domingos — Que hai, tíos?; bos días, D. Requito. Sabedes se Bernaldo do Pillín pasou por aquí?

Cibrán "O Pinga" — Xa pasou hai un bo anaco; ía montado na burra de Xan da Perica.

O "Cagarallé" — Gracias, imos ver se o damos atallado.

21.Corrige os erros de utilización dos pronomes persoais.

a) Se vés comigo che convido a unha boa merenda.

b) Nesta aula temos varias rapazas que poderían ser modelos; Marta é unha dilas.

- c) Me dixeron que aquí mercábase bo pan de centeo.
- d) Para saír do apuro, lle diremos aos viaxeiros que o tren aínda non chegou.
- e) Onte mandeite un ramo de flores e espero que te gustaran.
- f) Escribirlle unha carta ás túas amigas?; se o fas, me chamas e redactámola a medias.
- g) Dixécheslle ás rapazas onde iamos estar o domingo?. Se non llo dixeches terás que llo dicir.
- h) Estas carreiras xa non son para eu, que teño noventa anos.
- i) Cando contáronmo, o non podía crer porque aquilo era de tolos.
- l) Non te preocupes, que a doutora vai facer unhas curas e sanarás de contado.